



Galicia e España ante a Axenda Von der Leyen II: competitividade, transición verde e involución autonómica

Description

Para Galicia e España, isto implica que fondos e políticas tenderán a apoiar macroproxectos estruturados arredor de fitos verificables, seguindo a liña do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. A capacidade de anticipar, deseñar e xustificar carteiras de proxectos que combinen transición verde, reindustrialización e cohesión territorial será determinante para competir nun escenario máis centralizado.

Do Green Deal ao Clean Industrial Deal

O Clean Industrial Deal (CID) é o eixo central das novas políticas económicas europeas. Pretende compatibilizar neutralidade climática e base industrial mediante medidas que van da simplificación técnica na automoción á reforma das redes enerxéticas, á aceleración de permisos, á ampliación do CBAM e á creación dun fondo temporal de descarbonización. A isto sómanse medidas de capital e innovación como o *InvestAI*, o apoio ao ecosistema start-up, o impulso á bioeconomía e o programa *RESourceEU* para materias primas críticas. No ámbito sociolaboral destacan a *Union of Skills* e a futura *Quality Jobs Act*, destinadas a responder á escaseza de habilidades laborais e técnicas.

Para Galicia e España, as implicacións son amplas. A cadea da automoción dependerá dos futuros estándares de CO₂ e da efectividade da simplificación técnica. As novas marxes de axudas de Estado permitirán maior flexibilidade, pero requirirán execución acelerada en portos, chans industriais, subministración enerxética e tramitación ambiental. A prometida *Single Investment Union* favorecerá territorios con capacidade para estruturar proxectos bancables, polo que Galicia deberá profesionalizar instrumentos financeiros se quere acceder a recursos asegurados e fondos de pensións. España foi levada ao Tribunal de Xustiza non por crear un inferno aos xestores da Lei de Contratos senón por transpoñer tarde e mal a directiva. Pois a nova Directiva que prometeu o Comisario galo *S&Journ*, ao igual que o novo Fondo Europeo de Competitividade (25% do futuro orzamento da UE), apunta a que favorecerá os proxectos prioritarios europeos, logallá que non sã os do Norte.

No ámbito dixital, o *digital omnibus*, a *data union* e a *European Business Wallet* poden reducir custos reguladores, especialmente para pemes innovadoras. Porén, isto será efectivo se Galicia reforza a gobernanza de datos, a privacidade e a ciberseguridade nos seus clusters tecnolóxicos.

A nivel global, a UE estÃ¡ a priorizar defensa e seguridade no orzamento e nas polÃticas de innovaciÃ³n. A transiciÃ³n cara a unha verdadeira UniÃ³n Europea da Defensa avanza con mÃ¡is gasto nacional, a implementaciÃ³n do EDIP, a planificaciÃ³n conxunta de capacidades e unha nova gobernanza para a procura e a mobilidade militar. Isto complÃ©tase co reforzo de Europol e Frontex e cun novo ciclo de polÃticas de migraciÃ³n centrado na execuciÃ³n.

A UE e o cambio de paradigma global

A erosiÃ³n do consenso transatlÃ¡ntico Ã© un proceso en marcha. En febreiro de 2025 o Secretario de Guerra e Vicepresidentes advertiron en MÃnich e Bruxelas a UE non pode depender indefinidamente do paraugas defensivo americano, aÃnda que continÃa financiando en gran medida a industria de defensa dos EUA. Ao igual que a IA, a xestiÃ³n de datos na nube e as redes sociais, estes posÃoen o *killer switch* do orde europeo de postguerra. NinguÃ©n renunciou ainda ao F35 (se ben o adiamento de Pedro SÃ¡nchez Ã¡ sÃa merca condena ao buque insignia Juan Carlos I a ser un portaaviÃ³ns sen aeronaves) pero que isto se plantexe amosa coma os mÃ¡is atlantistas estÃ¡n por primeira vez a dubidar da sÃa propia fe.

En xullo de 2025, a visita de von der Leyen ao campo de golf de Turnberry para negociar con Donald Trump provocou crÃticas por aceptarse aranceis do 15% a cambio de compras masivas de enerxÃa estadounidense. Con todo, a realidade Ã© mÃ¡is complexa: a ameaza estadounidense sobre Groenlandia en 2026 recuou en Davos ante o temor a unha reacciÃ³n europea que desestabilizase mercados. O Ã“Efecto BruxelasÃ“ non Ã© o que era mais pervive. AÃnda asÃ, a cacofonÃa de posturas e actos de Chipre ao Despacho Oval, segue a ser a constante da polÃtica de potencia europea, como vemos da nova Guerra de IrÃ¡n.

2027, o ano da involuciÃ³n do Estado das AutonomÃas

O debate do orzamento da UE 2028-2034 determinarÃ¡ a marxe de acciÃ³n real dos territorios. A proposta da ComisiÃ³n reduce cabeceiras e reorienta fondos desde PAC e cohesiÃ³n cara competitividade e defensa, cun nivel do 1,26% do RNB. O Parlamento reclama 1,38% e rexeita substituir polÃticas tradicionais por NRPP estatais Ãnicos, alertando de riscos para o control democrÃ¡tico e a cohesiÃ³n territorial.

No agro, mar e natureza, a folla de ruta 2040 e a negociaciÃ³n da PAC 2028-2034 introducen incertezas: integraciÃ³n en Planos Nacionais Ãnicos (Planos CNR) desapariciÃ³n dos piares, falta de mÃnimos ambientais e maior latitude para o ministerio de Facenda. Isto pode alterar a previsibilidade para agro e pesca. Fusionar PAC, cohesiÃ³n e polÃtica marÃtima reduce transparencia e substitÃe custos reais por fitos pouco garantidos. A DeclaraciÃ³n de Galicia (un golpe de efecto de Rueda con Page e Chivite), o ditame Boc-Cordeiro do ComitÃ© das RexiÃ³ns e a resoluciÃ³n do *Bundesrat* coinciden en advertir que os Planos CNR poden recentralizar decisiÃ³ns, erosionar a gobernanza multinivel (Ã“cogobernanzaÃ“). Dado que a maiorÃa do gasto autonÃmico en investimento provÃn de fondos europeos, goberne quen goberne en Madrid a mediados de 2027 pode operar unha reorientaciÃ³n xacobina da constituciÃ³n econÃmica do Estado AutonÃmico. Supostamente en nome das exixencias europeas, como xa ocorreu en 1986.

CoÃece o IGADI Anual Report 25-26: O novo mundo: Multipolaridade inestable nun sistema internacional en conflito

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

UE Galicia Von der Leyen

INVESTIGACION

RelaciÃ³ns Internacionais Paradiplomacia UniÃ³n Europea

Date Created

Abril 23, 2026

Meta Fields

Autoria : 4160

Antetitulo : Este artigo fai parte do IGADI Annual Report 2025-2026

